

NÚMERO 29//ABRIL 2024

# CHÍO

CONTRALUZ EN EL MAR



REVISTA CULTURAL DIXITAL

Obra de Raúl Álvarez


# PUNTADA CON FÍO

Mergullarse, nadar, empaparse, calar, remollarse, na auga, aínda que entre as follas dun libro sexa tamén posible. Por non dicir, que debería estar prescrito, moito máis que certos fármacos.

Dous fíos conectan as páxinas do **Chío** de abril: o mar e os libros. Porén, son fíos que, ás veces, poderían confundirse: un mar que escribe novas historias cada día; augas que encerran, coma as páxinas dun libro, relatos increíbles; ou ondas que continuamente volven para lembrar feitos importantes.

A obra de **Raúl Álvarez**, ten a capacidade hipnótica de somerxernos na auga das súas obras, pero ao tempo, facernos somerxer nos nosos pensamentos. Seica poderíamos formar un símil curioso entre os dous fíos conectivos porque como ben dicía **Kafka**:

*“Un libro debe ser el hacha que rompa el mar helado que hay dentro de nosotros”*



Lectores e lectoras deste **Chío**, que é mar con temperamento de seu e vai configurando un ronsel propio, ben diferenciado, para cando chegue a calma, erguerse e sobresaír; desfrutade as páxinas de abril. Entrementres prosigamos a bambearnos no coleiro das ondas libres.

E abride, lede, mercade, ollade, prestade libros, coma quen lanza mensaxes nunha botella ao mar... agardando a ledicia de seren comprendidos e acompañados.

CHÍO.com



# Raúl Álvarez

Pintor



“Engullido por Poseidón VII”

Bachillerato de Artes. Técnico Superior en Artes Plásticas. Estudio propio na R/Camariñas de A Coruña.

Dice en su *statement*, **Raúl Álvarez** que le interesa el agua como elemento pictórico por la dificultad que supone plasmarla de manera creíble; sin embargo, doy fe de haberme sumergido en “Deep Blue Sea XV” e incluso sentir el cosquilleo de las burbujas en mi nariz, la primera vez que la vi en Nova Rúa . La fuerza de su realismo figurativo alcanza cotas de impresión cuando sus trabajos se cruzan en tu camino. Deja que te empapen sus lienzos y sigue su estela en [@raulalvarezpintura](#) o de primera mano, en las galerías que exponen su obra:

Galería Monty4Arte (A Coruña).  
Galería Ineditad (Barcelona).  
Galería Nova Rúa (Lugo).  
Galería de Arte Xerión (A Coruña).  
Galería Souto (Orense).

*“Pintar y dibujar es  
mi VIDA.  
Una ley innata. Algo  
grabado a fuego en  
mi ADN que me  
atrapa día tras día.  
Algo de lo que no  
puedo ni quiero  
huir.”*



SOBRAN AS VERBAS. A OBRA.



**"Contraluz en el mar". Óleo-Madera. 116x89**



**"Marejada". Óleo-Madera. 20x20**



**"Deep Blue sea XV". Óleo lienzo 80x80**



**"Pool X". Óleo lienzo  
54x54**



**"Burning ice XIV" Óleo lienzo. 162x130**



**"Caput Pictorem" Óleo- Madera.  
50x50**

# Diferente

**Gloria Enríquez Sanjurjo**

Supervisora Área de Humanización (HULA)



**Que pregunta lle gustaría que lle fixese?**

Qué é a humanización da Asistencia Sanitaria?

**E cal sería a resposta?**

É un compoñente clave dun proceso asistencial de calidade e tradúcese en compromiso ético cunha atención baseada na persoa.

**Unha película?**

"Intocable", trátase de unha comedia dramática na que a trama céntrase na discapacidade e a amizade.

**Un actor?**

Antonio Banderas

**Unha actriz?**

Meryl Streep

**Unha canción?**

Limón y sal de Julieta Venegas

**Un libro?**

"Orillas de Ébano" de Aida Soilán Enríquez (mi hija)

**Un autor/a?**

Aida Soilán Enríquez (mi hija)

**Un articulista?**

Xavier Marcet, management humanista.

**Un político?**

Alfonso Rueda

**Un tempo?**

O de 1960-1973. Época coñecida como a do "milagre económico español"

**Un taco?**

"o carallo 29"

**Que lle molesta?**

A mala educación en xeral.

**Alguén ou algo despreziable?**

Faltar ao respecto e a dignidade das persoas.

# BARREIROS TEN CATEDRAL\*

ANTÓN CANDO

COLABORACIÓN



Se me ocurre denominar a este artístico arenal, de cara a su proyección turística, con el sobrenombre de Playa de las Catedrales de Barreiros. (No es la misma playa que la de las Catedrales de Ribadeo, dista unos 5 Km.) ésta, está en Benquerencia, ayuntamiento de Barreiros.

“Praia das Catedrais de Barreiros” desde siempre llamada playa de **“As Cabanas”** e incluso otros también la conocen por **“As Galerías da Roda”**.

Cuenta con arcos barrocos, modernistas, vanguardistas, y otras figuras muy sugerentes, esculpidas todas ellas por la naturaleza, seguramente mucho antes que el hombre empezase a hablar de arte y, a representarla.







Cuenta con distintas representaciones: arcos artísticos; en un radio de 200m., aproximadamente, hay seis cuevas accesibles, una piscina natural con diferentes compartimentos y, distintas profundidades que, queda llena cuando baja la marea, estando cubierta parcialmente por la pared de una catedral rocosa; numerosos monolitos de pétrea belleza; un mural tallado en relieve por la naturaleza en una pared rocosa,

Encontraremos la Playa de las Catedrales de Barreiros, en una bajada a dicho conjunto monumental, situada al lado del bar-restaurante A Ribeira, hay otra entrada más adelante, siguiendo el paseo dirección a Ribadeo, a unos 200m., aprox.

Esta playa de las "Catedrales del Mar" está situada en la parroquia de Benquerencia, concejo de Barreiros, provincia de Lugo, España, Unión Europea.

Los arenales de la costa de Barreiros se extienden a lo largo de unos siete kilómetros, la mayoría de ellos cuenta con bandera azul europea, alfombrados por una finísima arena, son todos ellos de una sorprendente belleza.



# UGLY



# DÍA DO LIBRO\*

23 DE ABRIL

*“Para viajar lejos, no hay mejor nave que un libro”. Emily Dickinson*

*“Los libros son el avión, el tren, el camino. Son el destino y el viaje. Son el hogar”. Anna Quindlen*

*“En algún lugar de un libro hay una frase esperándonos para darle un sentido a la existencia”. Miguel de Cervantes*

**“Los libros son una incomparable magia portátil”.  
Stephen King**

*“Si no te gusta leer, no has encontrado el libro correcto”. J.K. Rowling*

*“Los libros son amigos que nunca decepcionan”. Thomas Carlyle*

# CLUB DE LECTURA LUGO



Comezar esta nota dicindo que o **Club de lectura Lugo** é unha constelación lectora, pode soar pretencioso, pero máis ben trátase dunha das máis fermosas definicións que arredor dun club de lectura poida darse, non si?

**María** acuña o termo para o caso, xa que logo foi quen iniciou esta andaina de xuntar arredor dun título, a un grupo de persoas que, na actualidade, réunese con frecuencia mensual, para falar e comentar un libro proposto previamente.

Ela mesma explica que é un grupo moi diverso, onde as decisións tómanse de xeito democrático, sempre respectando a pluralidade de pareceres.

Inicialmente, todo comeza cando María constata que en Lugo faltan propostas culturais e decide montar un club de lectura, ca intención, tamén de “facer comunidade”.

Queda claro que o consegue e na actualidade, o grupo está conformado por unhas 60 persoas, número fluctuante (dados os compromisos persoais dos participantes), pero moi persistente no obxectivo.

Deste xeito, o **Club de lectura Lugo** réunese unha vez ao mes, agora xa de feito máis estable en o vello cárcere e alí comparten impresións sobre o título proposto.

Non se trata de reunións académicas, nin charlas técnicas; senón que se asemella máis ao que sería unha conversa con amigos arredor dun café, para comentar a trama do libro, sensacións persoais, ou mesmo charlar co autor/a do propio libro.

○ **Club de lectura Lugo** é, por tanto, un grupo aberto a acoller novos participantes. De feito, a próxima sesión xa ten data: para o sábado 27 de abril e xa se coñece a lectura que se comentará.



Gústache a literatura xaponesa? 🇯🇵  
No noso encontro do mes de abril propoñémosvos mergullarvos nesta historia que explora a sociedade do Xapón desde a perspectiva dun astuto felino. Vémonos o día 27 de abril no Vello Cárcere para comentar a obra mestra de Natsume Soseki. 🐱📖



# BERRANDO MÁIS QUE CHIANDO

**ANTONIO GREGORIO MONTES**

Abril indica primavera precedida da vivificante choiva, aínda que non sexa o maio dito florido. Mais o cambio de tempo a nivel global permite mesmo falar de flores en marzo como se fora maio, ou xullo, que tamén hai. De feito, neste xullo de 2024 haberá aló a cifra redonda de 88 anos, murcháronse moitas flores. Non foi por un fenómeno climático, senón político e guerreiro.

E como novo florecemento daquelas que se murcharon, aínda que só poida ser a nivel de recoñecemento e non vital, deixo aquí testemuña. Testemuña dunha iniciativa que se fixo realidade en Ribadeo hai un par de veráns: a colocación ó longo do pobo das chamadas 'pedras da memoria', versión ibérica das "Stolpersteine" en lembranza da xente represaliada a diferentes niveis, ata a morte, co motivo do a si mesmo chamado 'glorioso alzamiento nacional'.

As Stolpersteine naceron para lembrar ás vítimas nazis. Estas outras ibéricas, de cor diferente, foron feitas para lembrar unha dor semellante. Unha vez pasado o acto de celebración da súa colocación, quedan as 'pedras' no seu lugar. Un lugar relacionado con cada un dos e das (que tamén houbo mulleres, claro) que sufriron a represalia. Así, á porta da súa casa, ou do seu lugar de traballo... ou, nalgún caso, por falta de datos, por variación do trazado urbano ou outros motivos, nun punto común. Por exemplo, na ribadense praza de España teñen a súa pedra adicada boa parte dos represaliados do pobo.



O caso é que, en base a esas pedras, hoxe pódese visitar Ribadeo facendo un recorrido do pobo a través delas. Mesmo teño artellada unha rota que aquí presento para facer o recorrido. Como hai diferentes xeitos de facela, deixo unha ligazón que se pode tomar como indicación para ter una idea ser serguída dun xeito dixitalizado en Wikiloc: [Ruta das pedras da memoria de Ribadeo.](#)

Entendo que é mellor identificala como circular, comezala e rematala no centro dun parque, a pesar de que lle poña un comezo e un final como algo máis práctico. Así, o lugar de comezo é o mesmo que o de remate: o centro da Praza de España, a poucos metros da Casa do Concello, a parte do parque central de Ribadeo que dá ó representativo edificio da Torre dos Moreno/Cantón de Ribadeo.

Alí hai 24 pedras agrupadas, xunto cunha lembranza, no chan. Postos a camiñar dende a pza. de España, e antes de meterse polas rúas, a primeira pedra observámolanos soportais camiño de de Amando Pérez.




Baixando por esa rúa, entramos en Enxeñeiro Schulz, onde case no centro xeométrico hai catro placas máis. Seguimos baixando e pasamos a Antonio Otero. Ó pouco de comezar o descenso por ela, atopamos unha placa no soportal que dá acceso á entrada da biblioteca (no 17 da rúa), logo outra diante do no 23 e máis abaixo, outra no 31. En Guimarán, nun pequeno altiño entre os actuais restaurantes Solana e Marinero, na separación entre as dúas casas ás que se entra por alí, aparece outra. Seguindo cara á ría, no mesmo Porcillán, practicamente diante da virxe alí posta, ó pé do muro branco está á vista unha máis.

Comezamos a subir bordeando a aduana vella por Amando Pérez, e subindo á esquerda, dous portais antes de chegar ó cruce con Bispo Veres, temos outra máis. Collemos subindo por Bispo Veres, pasamos á rúa Trindade, Méndez San Julián, baixamos polas escaleiras e atravesamos os soportais de Cabanela (case intransitables hoxe por hoxe). Antes de baixar ás ruínas alí existentes, xiramos á dereita e subimos pola Baixada a Cabanela, onde na primeira casa da subida atopamos outra pedra. Seguimos cara arriba ata a Ruanova, atravesamos o aparcamento, chegando á Pza. de Pancho Maseda á beira da casa do concello, e logo de novo Pza. de España. Atravesámola cara á esquerda e collemos cara a Clemente Martínez Pasarón, onde, na porta do hospital Asilo atopamos a antepenúltima do recorrido urbano.

Volvendo ó parque, atravesámolo por unha das avenidas principais e enfilamos a peonil Vilafranca do Bierzo ata chegar ó cruce das catro rúas. Nes, xusto na esquina entre Reinante e Rodríguez Murias atopamos a penúltima, e un pouco máis adiante, diante do primeiro espazo sen construír desta última, vemos a que fai o número 39.

A 40 das colocadas está en Rinlo ([R/Esperanza, 27](#)), e necesita un desprazamento extra, co que para rematar a ruta, podemos volver sobre os nosos pasos ata a praza de España e dar alí remate, diante das 24 pedras alí situadas, á lembranza en forma de paseo.

Así queda este chíó do mes de abril, máis berro que chíó polos feitos lembrados.





# GARCÍA-GESTO

“A inquietude creativa” é o título desta retrospectiva de **García-Gesto**, que se inaugura en Lugo, cando se cumpren 60 anos da súa primeira exposición.

Moi presente a obra pictórica, pero tamén composicións a modo de colaxes cos que chega o artista, a elaborar cadros de gran formato e o debuxo, con liñas abertas que actúan como elemento transformador da súa pintura.

Na sede de AFundación, será posible visitala ata o vindeiro 25 de maio, en horario de tarde de luns a sábado.

A mostra está enmarcada no proxecto solidario cultura por alimentos.



EXPOSICIÓN

# Diferente

## Jose Blázquez

Presidente da asociación Ágora Cultural-Agora Lugo



### Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Que non fixeches e gustaríache telo feito?

### E cal sería a resposta?

Moitas cousas pero a máis importante: Estudar; o cerebro da moito de si e témolo medio baleiro. Aínda que a vida e efémera, namentres a percorres, non podes ignorala...

### Unha película?

"La librería" (Guión e dirección de Isabel Coixet da novela homónima de Penélope Fitzgerald.)

### Un actor?

Parecía que estaba cualificado, como outros tantos, nas películas do destape pero non foi así e despuntou como un bo actor: Alfredo Landa.

### Unha actriz?

Hai boas actrices no noso territorio pero cruzo o charco e aposto por Bette Davis e Kathy Bates.

### Unha canción?

Aínda que son de Mari Trini, Paloma San Basilio, Ana Belén e Amaya Uranga, quedo con Víctor Manuel e con "La madre" e fago unha mención á canción "Viento del Norte" de Nando Agüeros.

### Un libro?

Pois importante é nomear a "Antoloxía" de Jaime Gil de Biedma, "Momo" e "La Historia interminable" de Michael Ende...

Quedo con "Galván en Saor" de Darío Xohan Cabana.

### Un autor/a?

María Reimóndez como representante das plumas e tantas que temos aonoso carón e que sería unha mágoa esquecerme.

### Un articulista?

Marica Campo e Paloma Fisac de Ron.

### Un político?

José López Orozco, "o Alcalde".

### Un tempo?

O presente, sempre.

### Un taco?

Aínda que falo galego e castellano, adoito utilizar o de "Cullóns" ou "Cajoenrrusia".

### Que lle molesta?

O ruído; os berros, as voces que van subindo ata facerse desagradables.

A mala educación en xeral pola rúa.

### Alguén ou algo despreziable?

O abuso, en calquera dos seus desprezos.

# MANDA UNHA POSTAL\*



POSTAL




---

---

---

---

# TIRANDO DO FÍO



E por mor de non quedar enredados, algunhas especificacións:

- \*"Barreiros ten catedral" é un pequeno traballo de **Antón Cando** que se remonta á época na que ninguén falaba desa paraxe.
- \*"Día do libro" Cando pecha a edición deste **Chío**, aínda non se coñece o cartel para conmemorar o 23 de abril, pero dende aquí animamos a lectores e lectoras para que inunden as librarías!
- \*"Manda unha postal" é un guiño adicado a todos/as os que están a presenciar a "modificación" da cidade de Lugo en primeira persoa. A páxina é un imprimible.

Os **contidos** do **Chío** que responden a unha colaboración expresa, van asinados. As **imaxes** da revista, son cedidas polos seus autores/as ou pertencen a banco libre de imaxes.

A modo de recordatorio:

1. **Chío** leva **ligazóns** (subliñadas) moi interesantes e curiosas, que invitamos a visitar.
2. É posible descargar e ver este e máis os números anteriores da revista na [web de Chío](#). Opción de balde que ben merece unha rolda de difusión.

**Pecha o número 29 de Chío, a obra de Raúl Álvarez "El imaginario de Leo".**  
**Óleo madera**



**Coordina e dirixe: Melina López**

chiorevista@gmail.com

